

REGULAMENTO XXX CARREIRA PEDESTRE SAN XOSÉ.

CAMPIONATO DE GALICIA 5K

PRESENTACIÓN

O Concello das Pontes, en colaboración coa Federación Galega de Atletismo, organiza a XXX Carreira Pedestre de San Xosé. A proba está incluída no calendario oficial das competicións da FGA nun circuíto urbano homologado. Será realizado de forma conxunta co Campionato de Galicia 5K

DATA E HORARIO

A proba disputarase o domingo, 19 de marzo de 2023. Comezará ás 11:00 horas e a liña de saída estará situada na rúa 8 marzo.

CIRCUÍTO

A proba levarase a cabo sobre a distancia de 5.000 metros.

O percorrido está medido e homologado pola Real Federación Española de Atletismo e transcorrerá sobre asfalto.

A ruta estará debidamente sinalizada.

A carreira realizarase pola vía de tráfico rodado. Está prohibido usar como zonas de carreira as beirarrúas, glorietas, áreas axardinadas etc, agás as zonas sinalizadas como circuíto.

Incumprir esta regra, así como recortar o trazado oficial, pode implicar a descualificación das persoas infractoras. A organización poderá modificar o percorrido por causas alleas e/ou de forza maior.

CONTROL TÉCNICO DA CARREIRA

A carreira estará controlada polo o Comité Galego de Xuíces da FGA. Ao longo do percorrido a organización establecerá controis para regular axeitada participación dos e das atletas.

UTILIZACIÓN DE DORSAIS E CHIPS

Os dorsais con chips integrados, persoais e intransferibles, son exclusivos desta carreira e deben colocarse na parte frontal do corpo de maneira totalmente visible, sen obstrucións e sen manipulalo, e así deben levarse durante toda a proba.

A organización non admitirá persoas corredoras que non estean inscritas ou que corran sen dorsal e/ou chip, e impediralles ter acceso á carreira en defensa dos dereitos daquelas regulamentariamente inscritas.

Non se permitirá a participación co dorsal e o chip correspondente a outra carreira ou persoa, con máis dun dorsal e/ou chip, dorsal falsificado ou outro que non sexa o oficial. Calquera infracción destas regras implicará a descualificación das persoas afectadas na proba. A organización resérvase o dereito de excluílas da participación en futuros eventos

SISTEMA DE CRONOMETRAXE

O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuíces. Todas as reclamacións deberánselle facer verbalmente á xuíza ou xuíz árbitro da proba ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

DESCUALIFICACIÓNS

Os membros da organización resérvanse a facultade de retirar da proba á ou ao atleta que manifeste un mal estado físico, que non lle facilite á organización a documentación que se lle requira, ás e aos corredores que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, xurado, servizos médicos ou membros da organización debidamente identificados.

As ou os xuíces da proba terán a facultade de descualificar á persoa infractora que non leve visible o seu dorsal, que o manipule e/ou llo ceda a outra persoa, altere os datos facilitados á organización con respecto aos que figuren no seu DNI ou ficha federativa, non complete o percorrido, ou incumpra calquera outra norma contemplada nas normas da FGA. As persoas corredoras descualificadas non terán opción a premios nin trofeos.

MEDIOS FÍSICOS NATURAIS

As persoas participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais sen axudas materiais de ningún tipo.

Non está permitido o acompañamento en ningún momento da proba por ningún vehículo alleo á organización, nin bicicletas, patíns ou persoas non rexistradas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcarlles ritmos ás persoas participantes.

Ao mesmo tempo, non se permite a participación con coches ou cadeiras de bebés, nin correr acompañados destes en ningún momento. Tampouco está permitida a participación con animais, nin correr acompañados destes en ningún momento.

O incumprimento desta norma implicaría a descualificación dos atletas acompañados.

CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS SAÍDA

CATEGORÍA ESCOLAR (MASCULINO E FEMININO)

BIBERÓN 2018 e anteriores. 75 METROS. 11:00 HORAS

SUB8 2016-2017. 1 VOLTA CIRCUÍTO A. 11:05 HORAS

SUB 10. 2014 e 2015. 1 VOLTA CIRCUÍTO A. 11:10 HORAS

SUB 12. 2012 e 2013. 2 VOLTAS CIRCUÍTO A . 11:15 HORAS

SUB 14. 2010 e 2011. 3 VOLTAS CIRCUÍTO A . 11:20 HORAS

SUB 16. 2008 e 2009. 4 VOLTAS CIRCUÍTO A. 11:30 HORAS

ABSOLUTA (MASCULINO E FEMININO) 12:00 HORAS. 5000 METROS

SUB 18. 2006 e 2007

SUB 20. 2004 e 2005

SUB 23. 2001, 2002 e 2003

SENIOR. entre 2000 e 1988

MÁSTER 35. 1987-1977

MÁSTER 45. 1976-1967

MÁSTER 55. 1966 E ANOS ANTERIORES

PECHE DE CONTROL DA CARREIRA CATEGORÍA ABSOLUTA

Unha hora despois do primeiro/ clasificado da categoría absoluta

INSCRICIÓN E COTA

A inscrición realizarase a través da url inserida na páxina web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com. Estará operativa desde a publicación deste regulamento ata as 23.59 horas do 14 de marzo de 2023. A inscrición terá un custe de 3 euros por persoa participante (persoas menores de 16 anos)

ENTREGA DE DORSAIS

Os/as atletas deberán recoller os dorsais, o mesmo día da proba, ata media hora antes da saída da categoría na que estean inscritos/as.

Tamén se poderán recoller os dorsais o sábado, 18 de marzo, de 17:30 a 19:00 horas na Casa Dopeso (Rúa Rosalía de Castro, nº 28)

SERVIZOS MÉDICOS

A proba disporá dos servizos médicos recomendados pola RFEA e de acordo coa lexislación vixente.

SERVIZOS ÁS PERSOAS PARTICIPANTES

A organización disporá dunha póliza de seguro de responsabilidade civil segundo a lexislación vixente. Todas as persoas inscritas estarán cubertas por unha póliza de seguros de accidentes segundo o Real decreto 849/1993, do 4 de xuño, que determina as prestacións mínimas do seguro obrigatorio deportivo.

Recomendámoslles a todas as persoas participantes que cubran a parte posterior do dorsal indicando os datos do nome, apelidos, datos médicos de interese (grupo sanguíneo, alerxias, enfermidades crónicas, se está baixo algún tratamento específico etc.) así como teléfono/s e contacto/s en caso de emerxencia.

AVITUALLAMENTOS

Na liña de meta haberá un avituallamento líquido e sólido.

PREMIOS

CATEGORÍA ESCOLAR

Nas categorías Biberón tod@s @s participantes levarán unha medalla.

Entrega dunha medalla aos/as tres primeiros/as clasificados en cada unha das categorías

CATEGORÍA ABSOLUTA

CLASIFICACION XERAL ABSOLUTA

@s tres primeir@s clasificad@s da clasificación absoluta xeral recibirán un trofeo elaborado pola Asociación Amigos da Madeira das Pontes e os seguintes premios metálicos

1. Clasificado: 300 euros (masculino/feminino)
2. Clasificado: 200 euros (masculino/feminino)
3. Clasificado: 100 euros (masculino/feminino)

SUB CATEGORÍAS CATEGORÍA ABSOLUTA

@s tres primer@s clasificados de cada categoría, integrada na categoría absoluta, recibirán unha medalla

PREMIO AO MELLOR PONTÉS

O/A primeir@ clasificad@ pontés/a recibirá un trofeo Asociación Amigos da Madeira das Pontes e unha cesta con produtos locais. (para optar a esta categoría será necesario estar empadroad@/a no Concello das Pontes)

ENTREGA DE TROFEOS

Outorgaráselles os trofeos no palco da entrega de premios ás tres primeiras persoas clasificadas de cada unha das categorías.

As/os atletas deberán situarse na zona próxima á entrega de trofeos no momento no que pola megafonía se faga o anuncio do seu comezo, así como estar pendentes da chamada a cada unha das categorías.

Con carácter xeral, as/os atletas que non se presenten no momento da entrega do seu trofeo, perderán o dereito a recollelo. Exclusivamente poderán subir ao podio as persoas nomeadas. Non se lle entregará o trofeo a ninguén que non sexa a/o propia/o atleta.

Agradecemoslles ás persoas responsables dos clubs que teñan constancia de que a/o atleta non está presente que o comuniquen na zona do palco de entrega de trofeos o antes posible para evitar esperas innecesarias.

Aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega deberanse poñer en contacto co Concello das Pontes, durante un prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos non recollidos.

Se non se recollen no prazo sinalado, entenderase que renuncian a el.

RESPONSABILIDADE

A organización non se fai responsable dos danos que puidesen sufrir as persoas participantes por imprudencias ou descoidos delas mesmas.

O/a participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá os incidentes inherentes á proba.

COMPROMISO

A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento.

CONSIDERACIÓN FINAL

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, e deberá comunicalo na web e na información ás persoas participantes.

En todo caso, e por interese deportivo, a organización resérvase o dereito de convidar a atletas concretos, mulleres ou homes con marcas ou traxectoria deportiva que poidan aumentar a calidade da carreira.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.